Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia/disciplina: TROMPETA

Profesores: Fernando Rei Maio, José Rodríguez Ramos, Óscar López González

Curso: 2026 - 2027


CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA

Índice

1 Introdución....4
2 Metodoloxía....5
3 Atención á diversidade....7
4 Temas transversais....7
4.1. Educación en valores....8
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)....8
5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....9
6 Secuenciación do curso....9
6.1. Curso: 1º GRAO ELEMENTAL....9
6.2. Curso: 2º GRAO ELEMENTAL....15
6.3. Curso: 3º GRAO ELEMENTAL....23
6.4. Curso: 4º GRAO ELEMENTAL....30
6.5. Curso: 1º GRAO PROFESIONAL....36
6.6. Curso: 2º GRAO PROFESIONAL....43
6.7. Curso: 3º GRAO PROFESIONAL....50
6.8. Curso: 4º GRAO PROFESIONAL....58
6.9. Curso: 5º GRAO PROFESIONAL....65
6.10. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL....72
7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica....78
8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....79
9 ANEXOS....80
9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional....80
9.2. Probas de acceso a outros cursos....81
9.3. Rúbricas de avaliación....89
9.4. Rúbricas de acceso....99
9.5. Rúbricas de avaliación puntual (avaliación negativa, casos en que a avaliación continua non é posible ou ampliación de matrícula)....101
9.6. Criterios para a obtención dos premios fin de grao....105

1 Introdución

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así como os específicos da materia de trompeta propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así como do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para iso indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto á súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

- **Características do centro**

- A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filharmonía de Galicia, con un nivel moi alto coa súa sede no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

- O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento, o que impide ofertar un horario que se adapte ás necesidades específicas de cada alumno/a. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- **Características do alumnado**

- O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno máis próximo cun nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno máis afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra,

Teo, Rianxo, etc., cunhas inquedanzas distintas e moitas veces cun interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos cun esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable máis, Santiago de Compostela conta cun campus universitario que atrae alumnado procedente doutros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto dá lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

En canto ao alumnado específico de **trompeta** cabe dicir que nos mantemos en números similares aos de anos anteriores. Estamos en 26 alumnos, un menos que no curso anterior. Tamén é interesante sinalar que nos últimos anos o número de mulleres matriculadas en trompeta acércase cada vez máis ao de homes.

- **Marco legal**

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

- **Plans de reforzo**

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo dedicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primaranse os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, como a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

• Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), a dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativa: de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

• Principios metodolóxicos específicos da materia:

Distribución temporal e progresiva dos obxectivos e contidos de xeito que se produza unha aprendizaxe sumativa. Nas sesións de clase, con carácter xeral, isto concretarase no reparto do tempo en dous bloques:

- Unha parte dedicada á técnica de base mediante diferentes exercicios de respiración, coa finalidade de potenciar a capacidade pulmonar e a columna de aire; notas sostidas e exercicios de flexibilidade para acadar a máxima calidade do son e a mellora da afinación; práctica das escalas, arpexos e exercicios técnicos específicos para mellorar a axilidade técnica e o rexistro do instrumento.

- Outra parte centrada na correcta aplicación e dominio dos aspectos técnicos e interpretativos no repertorio da trompeta mediante exercicios e estudos que melloren a axilidade na lectura e o axuste métrico. Traballo de obras do repertorio característico da trompeta para a mellora da afinación, calidade do son, dinámica, fraseo, musicalidade e calquera outro aspecto a ter en conta na mellora da calidade da interpretación.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

• A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

• Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

• Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

• Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

• Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

• No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1. Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferenzas, respecto cara aos compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara á cultura en xeral.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recompile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompilen nin fagan uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompile ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou

referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia. Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado. En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

6.1. Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

6.1.1. Obxectivos

a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.

b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

d) Interpretar un repertorio básico dunha dificultade acorde con este nivel.

6.1.2. Contidos

a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

b) Fortalecemento dos músculos faciais.

c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.

d) Estudo da emisión do son.

e) Principios básicos da dixitación.

f) Práctica das distintas articulacións.

g) Traballo da dinámica.

h) Estudo da boquilla.

i) En caso necesario utilización do cornetín ou trompeta “pocket” que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta.

j) Adestramento permanente e progresivo da memoria.

k) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

l) Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.

m) Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

6.1.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1.- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.

2.- Amosar na trompeta un son, timbre e afinación adecuados ao nivel.

3.- Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

4.- Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

5.- Dominar un repertorio básico integrado por breves melodías dunha dificultade adecuada ao curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

6.- Interpretar en público esas breves melodías con acompañamento de piano ou CD.

7. Adquirir flexibilidade, velocidade de execución e control do rexistro agudo.

8.- Amosar unha actitude e compromiso axeitado fronte á materia.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios se na rúbrica da avaliación correspondente se acada o valor indicado como mínimo esixible. Para valorar se foron superados os criterios de avaliación utilizaremos os seguintes recursos:

- 1º Trimestre: Aprendizaxe da dixitación de Do maior. Unidade 2 do libro “Escoitar, ler, tocar”.
- 2º Trimestre: Interpretación dunha obra adaptada á súa dificultade con ou sen acompañamento de piano. Unidade 4 do libro “Escoitar, ler, tocar”. Ser capaz de tocar a escala e o arpexo de Do maior en negras a unha velocidade de metrónomo de 60 a negra.
- 3º Trimestre: Interpretación dunha obra adaptada á súa dificultade con ou sen acompañamento de piano. Unidade 7 do libro “Escoitar, ler, tocar”. Ser capaz de tocar a escala e o arpexo de Do maior en negras a unha velocidade de metrónomo de 80 a negra tanto picado como ligado.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha avaliación inicial na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel (no caso de que por calquera circunstancia fose necesario realizalas).

Dada a importancia que ten a observación directa e o seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final da materia** será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Criterios de cualificación

1.- 30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas. O 50% desta nota virá dada polo nivel amosado nas audicións e concertos programados. No caso de non participar nas audicións por algunha causa allea ao alumno/a, o 100% da nota será para o estudo individual e interpretación correcta das obras na aula.
2.- 30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados
3.- 10%- Actitude e compromiso fronte á materia.
4.- 30%- Técnica (5% posición corporal e embocadura correcta; 5% flexibilidade; 5% control do rexistro agudo; 5% velocidade de execución; 10% interpretación correcta das escalas e arpexos propostos.)

A nota obtida a final de curso é o resultado de ponderar as tres avaliacións coas seguintes porcentaxes:
1ª avaliación 30 %; 2ª avaliación 30 %; 3ª avaliación 40%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

- Interpretación de dúas obras adaptadas á dificultade de 1º GE, con ou sen acompañamento de piano.
- Interpretación dun dúo.
- Unidade 7 do libro “Escoitar, ler, tocar”.
- Interpretar a escala e o arpexo de Do maior en negras a unha velocidade de metrónomo de 80 a negra tanto picado como ligado.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nos anexos desta programación.
A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine o contido das avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación das obras, estudos, escalas e arpexos, segundo corresponda, marcados nos mínimos esixibles para cada trimestre.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

-40% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-10% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nos anexos desta programación.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ao remate das clases ordinarias.
Pedirase:
- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpexos programados para o curso coa velocidade e articulacións que recolle a programación se é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-40% Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-30% Interpretar os estudos coa calidade técnica suficiente.

-10% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

6.1.5. Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. Nalgún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 1º curso do grao elemental:

Escoitar, ler e tocar (Vol. I) ..... T. Botma,J. Kastelein
Estudos elementais ..... H. L. Clarke

Obras con acompañamento de piano:
Ffigysbren .....Popular
Vers l'avenir .....L. Picavais
Comptine .....P. Bigot
Au Château de Chantilly ..... W. Dorsselaer
Premier succès ..... L. Picavais
Recompilación do cancioneiro popular Galego
recollido do libro: PASENIÑO ..... A. Cerviño Loira

Escalas e arpexos de DO Maior

6.2. Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

6.2.1. Obxectivos

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

- c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- d) Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual, coma de conxunto.
- e) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- f) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

6.2.2. Contidos

a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
b) Fortalecemento dos músculos faciais.
c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha correcta afinación e dunha boa calidade de son.
d) Estudo da emisión do son.
e) Principios básicos da dixitación.
f) Práctica das distintas articulacións.
g) Traballo da dinámica.
h) Estudo da boquilla.
i) En caso necesario utilización do cornetín ou trompeta “pocket” que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta.
k) Iniciación á comprensión das estruturas musicais máis elementais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
l) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
m) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
n) Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

6.2.3. Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.
A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1.- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
2.- Amosar na trompeta un son, timbre e afinación adecuados ao nivel.
3.- Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
4.- Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
5.- Dominar un repertorio básico integrado por breves melodías ou sinxelas obras dunha dificultade adecuada ao curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
6.- Interpretar en público dito repertorio básico con acompañamento de piano ou CD.
7. Adquirir flexibilidade, velocidade de execución e control do rexistro agudo.
8.- Amosar unha actitude e compromiso axeitado fronte á materia.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios se na rúbrica da avaliación correspondente se acada o valor indicado como mínimo esixible. Para valorar se foron superados os criterios de avaliación utilizaremos os seguintes recursos:

- 1º Trimestre: Interpretación dunha obra adaptada ao seu nivel con ou sen acompañamento de piano. Conseguir unha correcta posición corporal. Aprendizaxe da dixitación de Re maior. Abarcar un rexistro dunha 9ª. Poder tocar correctamente ata a unidade 10 do libro “Escoitar, ler, tocar. Vol.I”.
- 2º Trimestre: Interpretación dunha obra adaptada á súa dificultade con ou sen acompañamento de piano. Conseguir unha correcta posición corporal. Aprendizaxe da dixitación da escala de Sib maior. Abarcar un rexistro dunha 10ª. Poder tocar correctamente ata a unidade 15 do libro “Escoitar, ler, tocar. Vol I”.
- 3º Trimestre: Interpretación dunha obra adaptada á súa dificultade con acompañamento de piano. Ser capaz de tocar en dúo tendo control da afinación e do tempo. Conseguir unha correcta posición corporal. Poder tocar correctamente todo o libro “Escoitar, ler, tocar. Vol.I”, e os estudos 19 e 24 do libro “First book of practical studies” de Robert W. Getchell. Ser capaz de tocar as escalas programadas para este curso en corcheas a unha velocidade de metrónomo de 80 a negra tanto picado como ligado.

Procedementos e ferramentas de avaliación

• **Avaliación inicial ou de diagnóstico**: efectuarase unha avaliación inicial ao alumno/a ao comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

• **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da súa evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.

• **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución do alumno/a dende a avaliación inicial.

• Actividades de **autoavaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.

Aínda cando os exames (en caso de habelos) e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a máis importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ao longo de todo o curso.

Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro ou diario de clase do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

1.- 30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

2.- 30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

3.- 10%- Actitude e compromiso fronte á materia.

4.- 30%- Técnica (5% posición corporal e embocadura correcta; 5% flexibilidade; 5% control do rexistro agudo; 5% velocidade de execución; 10% interpretación correcta das escalas e arpexos propostos.)

A nota obtida a final de curso é o resultado de ponderar as tres avaliacións coas seguintes porcentaxes:

1ª avaliación 30 %; 2ª avaliación 30 %; 3ª avaliación 40%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

- Interpretación de dúas obras adaptadas á dificultade de 2º GE, con ou sen acompañamento de piano.
- Interpretación dun dúo.
- Unidade 20 do libro “Escoitar, ler, tocar”.
- Os estudos 19 e 24 do libro “First book of practical studies” de Robert W. Getchell.
- Interpretar as escalas e os arpexos de Do maior, Re maior e Sib maior en corcheas a unha velocidade de metrónomo de 80 a negra tanto picado como ligado.
- Ler a primeira vista un fragmento musical coas dificultades técnicas propias do nivel.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos os cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista ás clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao

longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha maior mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito

de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor

unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e

contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre

- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.

- As escalas e arpexos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- 40% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, e dominio técnico adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ao remate das clases ordinarias.
Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)

- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.

- As escalas e arpexos programados no curso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 40% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, e dominio técnico adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

6.2.5. Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. Nalgún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 2º curso do grao elemental:

First Book of Practical Studies (do 1 ao 29) ..... R. W. Getchell
Escoitar, ler e tocar (Vol. I-II) ..... T. Botma,J. Kastelein
Estudos elementais ..... H. L. Clarke

Obras con acompañamento de piano:

Premier Succès ..... L. Picavais
Badinage ..... J.Kouffmann
Vers l'avenir ..... L. Picavais
Comptine ..... P. Bigot
Au Château de Chantilly ..... W. Dorsselaer
The Young virtuoso ..... C. P. Barnes
Medianoite en Tobago ..... Peter Wastall
Recompilación do cancioneiro popular Galego recollido do libro:
PASENIÑO ..... A. Cerviño Loira

Escalas e arpexos de Do maior, Re maior e Sib maior.

6.3. Curso: 3º GRAO ELEMENTAL

6.3.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Controlar o ar mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual, coma de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

6.3.2. Contidos

a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

b) Fortalecemento dos músculos faciais.

c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.

d) Estudo da emisión do son.

e) Principios básicos da dixitación.

f) Práctica das distintas articulacións.

g) Traballo da dinámica.

h) Estudo da boquilla.

i) En caso necesario utilización do cornetín ou trompeta “pocket” que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta.

k) Iniciación á comprensión das estruturas musicais máis elementais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.

l) Adestramento permanente e progresivo da memoria.

m) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

n) Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

6.3.3. Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1.- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.

2.- Amosar na trompeta un son, timbre e afinación adecuados ao nivel.

3.- Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

4.- Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

5.- Dominar un repertorio básico integrado por breves melodías ou sinxelas obras dunha dificultade adecuada ao curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

6.- Interpretar en público dito repertorio básico con acompañamento de piano ou CD.

7. Adquirir flexibilidade, velocidade de execución e control do rexistro agudo.

8.- Amosar unha actitude e compromiso axeitado fronte á materia.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios se na rúbrica da avaliación correspondente se acada o valor indicado como mínimo esixible. Para valorar se foron superados os criterios de avaliación utilizaremos os seguintes recursos:

- 1º Trimestre: Interpretación dunha das obras programadas neste curso. Conseguir unha correcta posición corporal. Aprendizaxe das escalas e arpexos de Mi menor, Si menor, Re menor e Sol menor (natural, melódica e harmónica). Abarcar un rexistro dunha 12ª. Poder tocar correctamente ata a unidade 8 do libro “Escoitar, ler, tocar. Vol.II”, e os estudos 33 e 37 do libro “First book of practical studies” de Robert W. Getchell.
- 2º Trimestre: Interpretación dunha das obras programadas neste curso. Conseguir unha correcta posición corporal. Aprendizaxe das escalas e arpexos ata tres alteracións tanto maiores como menores

(natural, melódica e harmónica). Abarcar un rexistro dunha 12ª. Poder tocar correctamente ata a unidade 14 do libro “Escoitar, ler, tocar. Vol.II”, e os estudos 43 e 46 do libro “First book of practical studies” de Robert W. Getchell.

• **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución do alumno/a dende a avaliación inicial.

• Actividades de **autoavaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.

Aínda cando os exames (en caso de habelos) e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a máis importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ao longo de todo o curso.

Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.
- Control trimestral dos estudos traballados. Neste control coincidirían varios alumnos para que todos se poidan escoitar uns a outros.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro ou diario de clase do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

1.- 30% do cal o 5% da nota será a correcta memorización e o 25% restante o estudo individual e interpretación correcta das obras programadas. O 50% do total desta nota virá dada pola participación nas audicións e concertos programados. No caso de non participar nas audicións por algunha causa allea ao alumno/a, o 100% da nota será para o estudo individual e interpretación correcta das obras na aula.
2.- 30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados
3.- 10%- Actitude e compromiso fronte á materia.
4.- 5%- Lectura a vista.
5.- 25%- Técnica (5% flexibilidade; 5% control do rexistro agudo; 5% velocidade de execución; 10% interpretación correcta das escalas e arpexos propostos.)

A nota obtida a final de curso é o resultado de ponderar as tres avaliacións coas seguintes porcentaxes:
1ª avaliación 30 %; 2ª avaliación 30 %; 3ª avaliación 40%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

- Interpretación de dúas obras adaptadas á dificultade de 5º GP, con ou sen acompañamento de piano.

- Poder tocar correctamente o estudo 22 do libro “Characteristic studies” de H. L. Clarke, o nº 9 do libro “Seize études” de E. Bozza e o nº 7 do libro “Technical studies” de H. L. Clarke (a velocidade de metrónomo negra a 140 e con diferentes articulacións).

- Escalas e arpexos maiores e menores (naturais, harmónicas e melódicas) en todas as tonalidades en semicorcheas a velocidade de metrónomo de 100 a negra, que deberán ser interpretadas de memoria e con diferentes articulacións.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.9.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos os cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista ás clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha maior mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

-Interpretación da obra programada para o trimestre

-Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.

-As escalas e arpexos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

-40% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

-5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, e dominio técnico adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ao remate das clases ordinarias.
Pedirase:
- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpexos programados para o curso coa velocidade e articulacións que recolle a programación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-40% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

-5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, e dominio técnico adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

6.9.5. Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. Nalgún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 5º curso do grao profesional:

Estudos técnicos ..... H. L. Clarke
Estudos característicos ..... H. L. Clarke
Método completo de trompeta ..... J. B. Arban
Estudos sobre o ligado páx. 42 a 47, 48 a 51 e 56
Estudos do trilo páx. 116 a 119
Estudos de intervalos páx. 129 e 130
Estudos de 8ª e 10ª páx. 131
Staccato ternario páx. 170 a 174
Estudos especiais de golpe de lingua páx. 188 a 190
Flexibility ..... Branimir Slokar
16 Estudos ..... E. Bozza

Método completo de trompeta (vol. II) ..... T.G.Coronel

Obras con acompañamento de piano:

Concerto en Eb (1º Mov) ..... J. N. Hummel
Concerto en Eb (1º Mov) ..... J. Haydn
Concertpiece Opus 11 & 12 ..... V. Brandt
Concerto ..... A. Arutunian
Concerto en Eb ..... J.B.G. Neruda
Fantasía Eslava ..... C. Höhne
Sonatina ..... J. Françaix
Solo de concours ..... T. Charlier
Pièce de concours ..... G. Balay
Concertino ..... E. Bozza
Requiebros (para fliscorno) ..... Antonio Fornet

Escalas e arpexos maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas en todas as tonalidades, que deberán ser interpretadas de memoria e con diferentes articulacións.

6.10. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL

6.10.1. Obxectivos

- Adquirir no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.
- Utilizar con autonomía os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- 5. Practicar a música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Adquirir coñecementos das diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

6.10.2. Contidos

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo dos ornamentos (trilo, grupetos, apoiaturas, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este nivel.
- Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Estudo dos instrumentos afíns (fliscorno, corneta, trompeta en Do e en Mi b)
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

6.10.3. Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1.- Amosar na trompeta un son, timbre e afinación adecuados ao nivel.

2.- Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

3.- Dominar e memorizar un repertorio básico integrado por breves melodías ou sinxelas obras dunha dificultade adecuada ao curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

4.- Interpretar en público dito repertorio básico con acompañamento de piano se é o caso.

5. Adquirir flexibilidade, velocidade de execución e control do rexistro agudo.

6.- Amosar unha actitude e compromiso axeitado fronte á materia.

7.- Dominar os instrumentos afíns: Trompeta en Do, Fliscorno e Corneta en sib

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: Interpretación dunha das obras programadas neste curso. Poder tocar correctamente dous estudos característicos do libro de J. B. Arban.
- 2º Trimestre: Interpretación dunha das obras programadas neste curso. Poder tocar correctamente dous estudos característicos do libro de J. B. Arban diferentes aos do primeiro trimestre.
- 3º Trimestre: Interpretación correcta das obras programadas neste curso e preparación e posterior realización do recital de fin de grao.

Procedementos e ferramentas de avaliación

• **Avaliación inicial ou de diagnóstico**: efectuarase unha avaliación inicial ao alumno/a ao comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

• **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da súa evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.

• **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución do alumno/a dende a avaliación inicial.

• Actividades de **autoavaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.

Aínda cando os exames (en caso de habelos) e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a máis importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ao longo de todo o curso.

Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.
- Control trimestral dos estudos traballados. Neste control coincidirían varios alumnos para que todos se poidan escoitar uns a outros.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro ou diario de clase do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

1.- 35%- Estudo individual, memorización e interpretación correcta das obras programadas
2.- 30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados
3.- 10%- Actitude e compromiso fronte á materia.
4.- 15%- Técnica (control do rexistro agudo, velocidade e flexibilidade)
5.- 10%- Dominio dos instrumentos afíns.

A nota obtida a final de curso é o resultado de ponderar as tres avaliacións coas seguintes porcentaxes:
1ª avaliación 30 %; 2ª avaliación 30 %; 3ª avaliación 40%

6.10.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos os cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista ás clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas considerararanse superadas.
Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha maior mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

-Interpretación da obra programada para o trimestre

-Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Estudo dos instrumentos afíns.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

-40% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-10% Amosar dominio dos instrumentos afíns.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ao remate das clases ordinarias.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpexos programados para o curso coa velocidade e articulacións que recolle a programación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-40% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-10% Amosar dominio dos instrumentos afíns.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

6.10.5. Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. Nalgún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 6º curso do grao profesional:

Estudos técnicos ..... H. L. Clarke
Estudos característicos ..... H. L. Clarke
16 Estudos de perfeccionamento ..... R. Caffarelli
Método completo de trompeta (14 Estudos característicos)..... J. B. Arban
Advanced lip Flexibilities ..... C. Colin
Flexibility ..... Branimir Slokar

Obras con acompañamento de piano:

Fantasía Eslava ..... C. Höhne
Concerto en Eb M ..... J. Haydn
Concerto en Eb ..... J. N. Hummel
Concertpiece Opus 11 & 12 ..... V. Brandt
Sonata ..... P. Hindemith
Sonatina ..... J. Françaix
Intrada ..... A. Honegger
Suite en Re ..... G. F. Händel
Concerto en Eb ..... J.B.G. Neruda
Cascades ..... A. Vizzutti
Solus ..... S. Friedman
Concerto ..... O. Böhme
Rustiques ..... E. Bozza
Requiebros (fliscorno e piano) ..... Antonio Fornet
Peza de concurso ..... G. Balay
Rhapsodie ..... E. Bozza

Escalas e arpexos maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas en todas as tonalidades, que deberán ser interpretadas de memoria e con diferentes articulacións.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Procederase á valoración da programación didáctica despois de cada avaliación, tendo en conta as cualificacións e a análise detallada de tódolos obxectivos e contidos incluídos.

Levarase a cabo un seguimento mensual sobre o cumprimento da programación. Tamén se poderá facer ese seguimento durante as audicións trimestrais que realiza o departamento. Ao final de cada curso revisarase a consecución dos obxectivos baseándose no traballo por parte do alumnado dos diferentes cursos.

Os procedementos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

- Avaliación diagnóstica inicial. Nas primeiras clases farase un control do nivel que trae o alumnado do curso anterior.
- Avaliación continua ou de progreso. Ao longo do curso farase uso das actividades e criterios de avaliación para comprobar a evolución do alumnado.
- Avaliacións trimestral e final. Ao final de cada trimestre e do curso realizaranse algunhas das actividades de avaliación previstas na programación, para comprobar o nivel acadado polo alumnado.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os integrantes do departamento estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

· Grao de cumprimento da programación didáctica

· Nivel de participación e asistencia ás clases

· Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo

· Número de actividades postas en marcha

· Valoración positiva por parte do profesor

· Grao de eficacia das actividades deseñadas.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto á autoavaliación do departamento:

a) Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestións como o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.

b) Estadísticas comparativas dos resultados entre diferentes alumnos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base aos resultados destas actividades, implementaranse as medidas correctoras oportunas.

9 ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional

No exame interpretaranse tres obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano, e unha delas de memoria.

O tribunal decidirá se se interpretan as obras completas ou ben fragmentos de cada unha delas.

É obrigatorio presentar partituras orixinais.

Obras orientadoras :

Eolo, el rey ..... Ferrer Ferrán

Andante e Allegro commodo ..... E. Baudrier

Gaminerie ..... G. Friboulet

Lied ..... E. Bozza

Contidos

- Dominio do rexistro agudo polo menos ata a tesitura dun Sol.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 100 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras tendo en conta a época e estilo.
- Interpretación correcta da obra de memoria, respectando a medida, articulación e dinámica.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade correcta demostrando control da afinación e mantendo unha boa calidade de son nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Respectar a medida, articulación e dinámica na obra de memoria (20% da nota final).

9.2. Probas de acceso a outros cursos

9.2.1. Acceso a 2º do grao elemental

No exame interpretaranse dúas obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

Vers l'avenir ..... L.Picavais
Minueto da sonata nº 3, op. 99 (páx. 22 do libro "Aprende a tocar a trompeta")..... J. Hook
Menuet Antique (páx. 60 do libro "Aprende a tocar a trompeta") ..... C. Beaufort

Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos un intervalo de décima.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar corcheas á velocidade de 80 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación da lectura a primeira vista mantendo un pulso estable e unha correcta medida.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade e articulacións correctas(30% da nota final).
- Amosar un son correcto en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Interpretar a primeira vista mantendo un pulso estable e unha correcta medida. (10% da nota final)

9.2.2. Acceso a 3º do grao elemental.

No exame interpretaranse dúas obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

Preludio de “Te Deum” ..... M. A. Charpentier
Vers l’avenir ..... L. Picavais
Menuet antique ..... C. Beaufort
Minueto da sonata nº 3, op. 99 (páx. 22 do libro “Aprende a tocar a trompeta”)..... J. Hook

Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos un intervalo de duodécima.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar corcheas á velocidade de 100 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación da lectura a primeira vista mantendo un pulso estable e unha correcta medida.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade e articulacións correctas(30% da nota final).
- Amosar un son correcto en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Interpretar a primeira vista mantendo un pulso estable e unha correcta medida. (10% da nota final)

9.2.3. Acceso a 4º do grao elemental.

No exame interpretaranse dúas obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

Intrada et Rigaudon ..... H. Purcell
Vers l'avenir ..... L. Picavais
Comptine ..... P. Bigot
Four bagatelles ..... R. Boyle

Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos un intervalo de duodécima.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 80 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación da lectura a primeira vista mantendo un pulso estable e unha correcta medida.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade e articulacións correctas(30% da nota final).
- Amosar un son correcto en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Interpretar a primeira vista mantendo un pulso estable e unha correcta medida. (10% da nota final)

9.2.4. Acceso a 2º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientadoras:

O 1º carnaval de Venecia ..... Arban (edición de R. Foster)
Lied ..... E. Bozza
Suite ..... U. Baudrier
Elegy ..... W. James

Sonata ..... F. Veracini

Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos dúas oitavas.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 100 negras ao minuto en picado e 120 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación correcta da obra de memoria, respectando a medida, articulación e dinámica.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade correcta demostrando control da afinación e mantendo unha boa calidade de son nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Respectar a medida, articulación e dinámica na obra de memoria (20% da nota final).

9.2.5. Acceso a 3º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

Sonata ..... T. Hansen
Sonata en Fa ..... A. Corelli
Suite nº 1 ..... G. P. Telemann
Sonata VIII ..... A. Corelli
Badinage ..... E. Bozza

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun La.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 100 negras ao minuto en picado e 140 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación correcta da obra de memoria, respectando a medida, articulación e dinámica.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade correcta demostrando control da afinación e mantendo unha boa calidade de son nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Respectar a medida, articulación e dinámica na obra de memoria (20% da nota final).

9.2.6. Acceso a 4º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientadoras:

Variacións en Sol ..... C. Kreutzer
Invocation ..... R. Starer
Sonata VIII ..... A. Corelli
Sonata ..... T. Hansen
Suite ..... E. Baudrier

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun Si.

- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 110 negras ao minuto en picado e 160 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación correcta da obra de memoria, respectando a medida, articulación e dinámica.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade correcta demostrando control da afinación e mantendo unha boa calidade de son nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Respectar a medida, articulación e dinámica na obra de memoria (20% da nota final).

9.2.7. Acceso a 5º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientadoras:

Concerto ..... A. Arutunian
Sonata ..... J. Hubeau
Concerto en Eb ..... J. B. G. Neruda
Sonata VIII ..... A. Corelli

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun Do.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 110 negras ao minuto en picado e 160 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.

- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación correcta da obra de memoria, respectando a medida, articulación e dinámica.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade correcta demostrando control da afinación e mantendo unha boa calidade de son nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Respectar a medida, articulación e dinámica na obra de memoria (20% da nota final).

9.2.8. Acceso a 6º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientadoras:

Concerto opus 12 ..... V. Brandt
Concerto en Fm ..... O. Böhme
Rhapsodie ..... E. Bozza
Sonata ..... J. Hubeau
Concerto ..... A. Arutunian
Concerto en Eb ..... J. N. Hummel

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun Do.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 120 negras ao minuto en picado e 160 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto á época e estilo.
- Interpretación correcta da obra de memoria, respectando a medida, articulación e dinámica.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras coa velocidade correcta demostrando control da afinación e mantendo unha boa calidade de son nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).
- Respectar a medida, articulación e dinámica na obra de memoria (20% da nota final).

9.3. Rúbricas de avaliación

9.3.1. Rúbrica de avaliación 1º do grao elemental

Rúbrica de avaliación 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL											
Criterios de cualificación	1 PUNTO	2 PUNTOS	3 PUNTOS	4 PUNTOS	5 PUNTOS	6 PUNTOS	7 PUNTOS	8 PUNTOS	9 PUNTOS	10 PUNTOS	
Obras programadas (30 %) CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE	Non é capaz de tocar a obra planificada nin sequera parcialmente e/ou a unha velocidade reducida.	Non é capaz de tocar a obra planificada. Unicamente pode facelo parcialmente (fragmentos, movementos) a unha velocidade reducida e/ou con moitos erros e defectos na execución.	Non é capaz de tocar a obra planificada. Unicamente pode facelo parcialmente (fragmentos, movementos) a unha velocidade reducida e/ou con certos erros e defectos na execución.	Pode tocar a obra planificada pero a unha velocidade inferior á indicada e/ou con numerosos erros e defectos na execución da mesma.	Pode tocar a obra planificada case á velocidade indicada e/ou con certos erros e defectos na execución da mesma. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Defende correctamente a obra planificada a unha velocidade axeitada á indicada pero con certos erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende correctamente a obra planificada a unha velocidade axeitada sen apenas erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende a obra planificada de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende a obra planificada de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma e a maiores preparou outra obra con certa corrección.	Defende a obra planificada de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma e a maiores preparou outra obra brillantemente.	X 0,3=
Estudos programados (30 %) CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE	Non é capaz de tocar os estudos planificados nin sequera parcialmente e/ou a unha velocidade reducida.	Non é capaz de tocar os estudos planificados. Unicamente pode facelo parcialmente a unha velocidade reducida e/ou con moitos erros e defectos na execución.	Non é capaz de tocar o estudo planificado . Unicamente pode facelo parcialmente a unha velocidade reducida e/ou con certos erros e defectos na execución.	Pode tocar os estudos planificados pero a unha velocidade inferior á indicada e/ou con numerosos erros e defectos na execución dos mesmos.	Pode tocar os estudos planificados case á velocidade indicada e/ou con certos erros e defectos na execución dos mesmos. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Defende correctamente os estudos planificados a unha velocidade axeitada á indicada pero con certos erros e/ou defectos na execución dos mesmos.	Defende correctamente os estudos planificados a unha velocidade axeitada sen apenas erros e/ou defectos na execución dos mesmos.	Defende os estudos planificados de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución dos mesmos.	Defende os estudos planificados de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución dos mesmos e a maiores preparou outros estudos con	Defende os estudos planificados de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución dos mesmos e a maiores preparou outros estudos	X 0,3=

									certa corrección.	brillantemente.	
Actitude fronte á materia (participación activa , grao de esforzo e calidade no estudo autónomo)(10%)	Non amosa ningún interese nas clases nin ás indicacións do docente.	Non amosa interese nas clases. Apenas segue as indicacións.	Apenas amosa interese nas clases. Apenas segue as indicacións.	Amosa escaso interese nas clases. Presta certa atención ás indicacións e correccións pero non se esforza en seguilas	Amosa certo interese nas clases. Presta atención ás indicacións e correccións aínda que non se esforza demasiado en seguilas.	Amosa interese nas clases. Presta atención ás indicacións e correccións aínda que non se esforza demasiado en seguilas.	Amosa interese nas clases. Presta atención ás indicacións e correccións e esfórzase en seguilas.	Amosa interese nas clases. Presta atención e segue as indicacións e correccións.	Amosa moito interese nas clases. Presta moita atención ás indicacións e esfórzase en seguilas en todo momento.	Sempre amosa interese nas clases. Presta moita atención ás indicacións e séguease en todo momento.	X 0,05=
	Nunca realiza as tarefas propostas.	Case nunca realiza as tarefas propostas e a calidade do estudo é moi baixa	Case nunca realiza as tarefas propostas e a calidade do estudo é baixa	Ocasionalmente realiza as tarefas propostas	Con frecuencia realiza as tarefas propostas.	Con frecuencia realiza as tarefas propostas. A calidade do estudo é boa	Realiza as tarefas e exercicios propostos case sempre. A calidade dos mesmos é boa.	Realiza as tarefas e exercicios propostos case sempre. A calidade dos mesmos é moi boa.	Realiza as tarefas e exercicios propostos . A calidade dos mesmos é moi boa.	Realiza todas as tarefas e exercicios propostos perfectamente.	X 0,05=
Técnica: Posición corporal e embocadura correcta (5%)	Totalmente incorrecta	Presenta defectos graves na posición e embocadura	Presenta defectos importantes na posición e embocadura	Presenta defectos na posición e embocadura	Necesita mellorar a posición e embocadura	Bastante boa posición e embocadura	Boa posición e embocadura	Moi boa posición e embocadura	Posición e embocadura case perfectas para a práctica da trompeta	Posición e embocadura perfectas para a práctica da trompeta	X 0,05=
Técnica: Flexibilidade (5%)	Falta total de flexibilidade sendo incapaz de facer ligados en intervalos de segunda	Presenta graves problemas de flexibilidade	Presenta problemas de flexibilidade.	Presenta problemas de flexibilidade que lle impiden ligar terceiras.	Presenta certos problemas de flexibilidade que fan que o ligado de terceiras non sexa sempre posible	Bastante boa flexibilidade que lle permite ligar terceiras sen problema	Boa flexibilidade que lle permite facer intervalos ligados de cuarta.	Moi boa flexibilidade que lle permite facer intervalos ligados de quinta .	Moi boa flexibilidade que lle permite facer intervalos ligados de sexta.	Moi boa flexibilidade que lle permite facer intervalos ligados de ata unha oitava.	X 0,05=
Técnica: Control do rexistro agudo (5%)	Non domina para nada o rexistro agudo requirido neste curso	Non supera un rexistro de terceira	Non supera un rexistro de cuarta	Con dificultade supera un rexistro de cuarta	Sempre é capaz de tocar un rexistro de quinta	Supera con facilidade o rexistro de quinta	Supera con facilidade un rexistro de sexta	Supera con facilidade un rexistro de sétima	Chega con facilidade a un rexistro de unha oitava	Supera con facilidade un rexistro de oitava	X 0,05
